

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA DE OURENSE.

Aprobado na Xunta de Escola o 9 de setembro de 2016, e ratificado polo Padroado o 12 de xullo de 2017.

TÍTULO PRELIMINAR – NORMAS XERAIS.

Artigo 1. NATUREZA, OBXETO E FINS DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA DE OURENSE.

Artigo 2. Réxime xurídico da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense.

Artigo 3. Membros da comunidade universitaria da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense.

Artigo 4. Xestión do centro.

Artigo 5. Promoción do uso do galego.

Artigo 6. Confidencialidade.

TÍTULO I –DOS ÓRGANOS DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA DE OURENSE.

Artigo 7. Órganos de goberno da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense.

CAPÍTULO I: DOS ÓRGANOS COLEXIADOS.

Artigo 8. Padroado da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense.

Artigo 9. Xunta de Escola.

Artigo 10. Comisións delegadas.

Artigo 11. Comisión de Garantía do Sistema de Calidade.

CAPÍTULO II DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS.

Artigo 12. Da elección e cesamento dos órganos unipersoais.

Artigo 13. Directora/or.

Artigo 14. Secretaria/o académica/o.

Artigo 15. Administradora/or da Escola.

Artigo 16. Delegada/o da Universidade de Vigo.

TÍTULO II. – DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA.

Artigo 17. Persoal docente e investigador (PDI)

Artigo 18. Dereitos e deberes.

Do estudante

Artigo 19. Docencia de calidade.

Artigo 20. Dereito a recibir ensinos teóricos e prácticos.

Artigo 21. Dereito a unha avaliación xusta.

Artigo 22. Avaliación e cualificación.

Artigo 23. Dereito de revisión.

Artigo 24. Da impugnación das cualificacións.

Artigo 25. Deberes do estudante.

TÍTULO III- NORMATIVAS COMPLEMENTARIAS.

Artigo 26. Normativas complementarias.

TÍTULO IV- REFORMA DO REGULAMENTO INTERNO DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA DE OURENSE.

Artigo 27. Reforma do regulamento interno.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

TÍTULO PRELIMINAR – NORMAS XERAIS.

Artigo 1. Natureza, obxecto e fins da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense.

1. O presente Regulamento ten por obxecto dar cumprimento á Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, ao Decreto 242/2008, do 9 de outubro, polo que se regulan a natureza, fins e órganos de goberno das Escolas Universitarias de Enfermería dependentes da Consellería de Sanidade, os estatutos da Universidade de Vigo, o Regulamento de centros adscritos da Universidade de Vigo, e a Lei 30/1992 de 26 de Novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común, proporcionando o marco de regulación preciso para o desenvolvemento das funcións da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense.
2. Os seus preceptos serán de aplicación preferente, salvo que exista contradición con normas de rango superior, de obrigada observancia.

Artigo 2. Réxime xurídico da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense.

A Escola Universitaria de Enfermería de Ourense ten como finalidade formar a enfermeiras /os xeneralistas capaces de dar resposta ás necesidades de saúde dos individuos e grupos, tendo en conta o desenvolvemento persoal, os patróns socioculturais, os recursos existentes e a lexislación vixente. A titularidade é da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, adscrita a Universidade de Vigo situada en Ourense, na que se cursa o Grao de Enfermería, de acordo coa normativa vixente, e aquelas outras titulacións que no futuro se determinen.

Artigo 3. Membros da comunidade universitaria da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense.

Seralle de aplicación o seguinte regulamento aos membros da comunidade universitaria do centro que estará integrada por:

1. **Persoal docente e investigador (PDI)**, nomeados polo padroado, independentemente da súa categoría, dedicación e situación contractual. Na delimitación das súas funcións e obrigas docentes e investigadoras seralle de aplicación o establecido nos artigos 47 e 48 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e os estatutos, regulamentos e normativas da Universidade de Vigo que lle sexan de aplicación. O persoal docente pode ser de dedicación a tempo completo ou parcial. Exclusivamente a efectos de representación na Xunta de Escola, considerarase persoal docente a tempo parcial aquel que teña unha carga docente mínima de 3 créditos por curso académico, e a tempo total aquel que teña contrato a tempo completo.
2. **Alumnado**, todas aquelas persoas matriculadas na Universidade de Vigo, en alomenos unha materia, en calquera das titulacións do centro.
3. **Persoal de administración e servizos (PAS)**, persoal estatutario e persoal laboral fixo e contratado adscrito ao centro, que desenvolverá as funcións de xestión, actividades técnicas e administrativas, de apoio, asistencia e asesoramento propias de cada área establecidas nas relacións de postos de traballo ou convenio colectivo aplicable.

Artigo 4. Xestión do centro.

A xestión do centro estará ordenada polos principios de toma de decisións por maioría, respecto ás minorías. Sen prexuízo do establecido polas normas vixentes e por este regulamento, cada estamento do centro poderase dotar das fórmulas organizativas que considere oportunas.

Artigo 5. Promoción do uso do galego.

O centro promoverá o uso do galego. Os órganos do centro empregarán preferentemente a lingua galega nos seus impresos, comunicacións e documentos oficiais.

Artigo 6. Confidencialidade.

Todos os órganos de goberno da Escola de Enfermaría, comisións delegadas ou persoal que forme parte dalgún órgano ou comunidade da Escola, deberá gardar confidencialidade en relación a calquera información concernente a persoas físicas identificadas ou identificables, dando cumprimento ao disposto na Lei 15/1999, do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal. Comprometéndose a non difundir, transmitir ou revelar a terceiras persoas, calquera información a que teña acceso.

TÍTULO I. DOS ÓRGANOS DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA DE OURENSE.

Artigo 7. Órganos de goberno da Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense.

A Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense estará integrada polos seguintes órganos:

- 1. Órganos unipersoais:** Presidente/a do Padroado, director/a, secretario/a académico/a, e subdirector/a, de selo caso. As funcións de cada un/ha deles son as establecidas no Decreto 242/2008, do 9 de outubro, das Escolas de Enfermaría e no Regulamento de Centros Adscritos da Universidade de Vigo.
- 2. Órganos colexiados:** Padroado, e Xunta de Escola.

Ademais dos órganos colexiados de goberno do Centro (Padroado, Xunta de Escola) a dirección poderalle propor á Xunta de Escola a creación daquelas comisións con funcións específicas que sexan precisas ou que se consideren oportunas, Comisións delegadas ou órganos, que no marco das súas competencias se acorde constituír.

CAPÍTULO I: DOS ÓRGANOS COLEXIADOS.

Artigo 8. Padroado da Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense.

A composición, funcións e réxime de funcionamento do padroado establécese no Decreto 242/2008, do 9 de outubro, das Escolas de Enfermaría, tal como consta no artigo 12 do decreto 242/2008 de 9 de outubro.

Artigo 9. Xunta de Escola.

1. PLENO DA XUNTA DE ESCOLA.

1.1 Composición.

É a establecida no Decreto 242/2008, do 9 de outubro, das Escolas de Enfermaría dependentes da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia tendo en conta as seguintes especificidades:

- a) Membros electos:** Todos os representantes electos da Xunta de Escola serán elixidos por un período de dous anos académicos, podendo ser reelixibles.
- b) Cesamento dos membros da Xunta:** Os membros da Xunta de Escola cesarán no mesmo momento en que perdan a súa condición de membros da comunidade universitaria do centro, cesen no cargo

académico que concede esa condición ou dimitan por pedimento propio ante o/a directora/or do centro. No caso de representantes electos será o seguinte na lista o que pase a ocupar automaticamente a vacante; no caso de non haber máis membros dispoñibles procederase á elección dentro do sector (PDI, alumnado ou PAS) correspondente, no máis curto prazo posible.

1.2. Funcionamento.

a) Réxime de Convocatorias.

1. A Xunta de Escola realizará, como mínimo, tres plenos ordinarios durante o ano académico, convocados polo/a secretario/a académico/a por orde do/a director/a do centro, notificándose os membros da Xunta cunha antelación mínima de 5 días.
2. Poderá convocarse con carácter extraordinario á Xunta, cando o considere o/a director/a ou a petición dunha quinta parte dos membros que a compoñen. O/a director/a está obrigado/a convocar a Xunta extraordinaria para unha data non posterior os dez días hábiles contados dende a entrada da solicitude no rexistro do centro. En cada convocatoria deberá constar a orde do día, lugar, data e hora sinalados para a celebración en primeira e segunda convocatoria.

b) Constitución da Xunta.

1. A Xunta de Escola entenderase constituída en primeira convocatoria coa asistencia do/a directora, o/a secretaria e o/a subdirectora/or, de selo caso ou persoas substitutas, así como da metade dos membros con dereito a voto.
2. De non acadar esta asistencia, constituirase en segunda convocatoria transcorridos quince minutos, de contar coa presenza do 30% dos seus membros.
3. De non acadar o quórum necesario, transcorrida media hora para a segunda convocatoria, procederase a convocala para outro día.

c) Orde do día das convocatorias.

1. A orde do día será elaborada polo/a directora e incluírá, de ser o caso, as peticións presentadas por escrito cunha antelación de polo menos sete días para as xuntas ordinarias e tres días para as extraordinarias antes da convocatoria, e solicitadas, polo menos, por unha quinta parte dos membros da Xunta sempre que estas non estivesen xa incluídas.
2. Na mesma deberá constar, a data, hora (en días administrativamente hábiles e en horario laboral) e o lugar da reunión (nas dependencias do centro).
3. Na orde do día da convocatoria ordinaria figurarán inescusablemente as mencións de aprobación da acta da sesión anterior, informe do/a director/a, asuntos de trámite e rogos e preguntas.
4. A orde do día da convocatoria extraordinaria só incluírá os puntos correspondentes a asuntos de trámite.

d) Notificación da convocatoria.

A convocatoria deberá ser notificada individualmente, cando menos, con cinco días hábiles de antelación, salvo no caso dunha Xunta extraordinaria, que será de dous días hábiles. No caso de convocatorias ordinarias comunicarase a todos os membros da Xunta por correo electrónico, no caso de convocatorias

extraordinarias por correo electrónico, ou telefonicamente. En ámbolos casos colocárase unha copia da convocatoria no taboleiro de anuncios.

A convocatoria remitirá a documentación correspondente ós puntos da orde do día, indicando, se é preciso, a urxencia destes. A documentación estará depositada na secretaría do centro en formato dixital á disposición das persoas interesadas, polo menos, dende a data de convocatoria ata o remate da celebración da Xunta.

e) Actas das sesións da Xunta de Escola.

1. A elaboración das actas das sesións da Xunta de Escola rexeráse polo establecido no artigo 27 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
2. No centro levarase un rexistro de actas no que o/a secretario/a especificará necesariamente: os membros asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.
3. As actas estarán baixo a custodia do/a secretaria do centro nas dependencias do centro, permitirlle a súa consulta a calquera membro da Xunta de Escola.
4. Só darán fe dos acordos e recomendacións da Xunta as certificacións expedidas polo/a secretario/a do centro e poderanse expedir:
 - a) De oficio, por requirimento de órganos das administracións públicas, incluída a propia Universidade de Vigo, ou de órganos xudiciais no exercicio da súa competencia.
 - b) A instancia dos membros da Xunta de Escola.
 - c) A instancia de calquera persoa interesada. Nestes dous últimos casos, o contido das certificacións versará só sobre a parte decisoria dos acordos ou recomendacións.

f) Sesións.

1. O pleno da Xunta de Escola será presidido polo/a director/a ou persoa en quen delegue, asistido na mesma polo/a secretario/a e o/a subdirector/a, de selo caso.
2. O/a director/a, no exercicio da presidencia, dirixe, regula, modera e ordena o desenvolvemento dos debates, e vela polo mantemento da orde no desenvolvemento das sesións. De acordo coa Xunta, poderá fixar un tempo de debate para cada tema e, en función dos pedimentos de palabra, determinará a duración de cada intervención.
3. Non se poderá interromper a ningún membro da Xunta de Escola cando fale, agás pola presidencia, e para os efectos de advertirlle que esgotou o tempo dispoñible e, neste caso, para retirarlle o uso da palabra, para chamalo á orde, e indicarlle que se cinga ao tema.
4. As peticións de palabra por alusións autorizaranse só para que o membro da Xunta de Escola a quen se refiren poida contestar.
5. En calquera momento do debate un membro da Xunta de Escola poderá pedirlle á presidencia a observación do regulamento. Para isto deberá citar expresamente o artigo ou artigos para os que reclame a súa aplicación.
6. Se unha sesión tivese unha duración excesiva, o/a director/a, logo da consulta á Xunta, poderá proceder á súa interrupción, anunciando nese momento a data e hora de continuación.
7. Calquera membro da comunidade universitaria do centro que non pertenza á Xunta poderá asistir a ela sen voz e sen voto, agás cando a mesa lle autorice o uso da palabra.

g) Adopción de acordos.

1. Os acordos da Xunta de Escola adoptaranse por asentimento á proposta do/a director/a, en caso de votación esta efectuarase polo sistema de man ergueita agás cando o decida o/a director/a ou o solicite algún membro da Xunta, que será por papeleta secreta. A Xunta adoptará os seus acordos por maioría simple e o/a director/a exercerá, no caso de empate, o voto de calidade.
2. Non se poderán adoptar acordos validamente se no momento da votación non estivese presente, polo menos, un 30% dos membros da Xunta.
Segundo o disposto no artigo 24.1 c) da Lei 30/1992 do 26 de novembro, que: "Cada órgano colexiado corresponde aos seus membros exercer o seu dereito ó voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifique.
Non poderá absterse nas votacións quen pola súa calidade de autoridade ou persoal ao servizo das administracións públicas, teña a condición de membro de órganos colexiados".
3. Non se admite a delegación do voto nin o voto anticipado.
4. Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros da Xunta e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría simple dos presentes.
5. Calquera membro da Xunta de Escola poderá presentar, diante desta, mocións oralmente ou por escrito, que serán debatidas como rogos e preguntas, sempre que non se refiran a puntos da orde do día. As mocións por escrito serán lidas pola/o secretaria/o mesmo, en ausencia da persoa que promove a moción.

2. FUNCÍONS.

As funcións da Xunta de Escola son as establecidas no Decreto 242/2008, do 9 de outubro, das Escolas de Enfermería e as que ela mesma asuma naqueles casos que non contraveñan o devandito decreto, os estatutos, regulamentos e normativas da Universidade de Vigo que lle sexan de aplicación.

Artigo 10. Comisións delegadas.

1. As comisións poderán ser executivas ou consultivas. Comisións delegadas executivas: A dirección poderalle propor á Xunta de Escola a creación daquelas comisións con funcións específicas que sexan precisas ou considérense oportunas.
Comisións delegadas consultivas: A Xunta de Escola poderá crear comisións delegadas consultivas, que se definen como instancias de asesoramento técnico, e que actúan por delegación da Xunta de Escola.
2. As comisións delegadas poden ser permanentes ou conxunturais. As comisións permanentes responden a labores fixos; as conxunturais constitúense para resolver asuntos concretos e deixan de existir ao rematar estes.
3. As comisións delegadas que se creen, terán a composición e funcións que fixe o acordo de creación adoptado polo pleno da Xunta de Escola, sempre contando coa presenza equitativa de todos os sectores da comunidade universitaria do centro.
4. Os membros das comisións terán que selo da comunidade universitaria do Centro, aínda que o/a presidente/a poderá convidar a participar nelas, con voz e sen voto, a outras persoas.
5. As comisións delegadas permanentes serán presididas polo/a director/a ou persoa en quen delegue.
6. As reunións convocaranse nas dependencias do centro cunha antelación mínima de dous días hábiles agás no caso de urxencia apreciada polo/a presidente/a, na convocatoria figurará a orde do día.

7. As comisións delegadas adoptarán os seus informes, propostas e recomendacións por maioría simple, polo que será preciso no momento da votación a presenza de, polo menos, a metade dos seus membros. En caso de empate o/a director/a gozará de voto de calidade.
8. As comisións renovarase cada ano académico, no primeiro pleno ordinario da Xunta de Escola que se celebre despois das eleccións de representantes.
9. As comisións determinarán o seu funcionamento interno, no caso de non haber regulamento de instancias superiores.
10. No caso de perda da condición de membros da comisión permanente aplicarase o mesmo criterio que o descrito para o cesamento dos membros da Xunta de Escola.

Artigo 11. Comisión de Garantía do Sistema de Calidade.

É o órgano que participa nas tarefas de planificación e seguimento do SGIC (Sistema de Garantía de Calidade), actuando ademais como un dos vehículos de comunicación interna da política, obxectivos, programas, responsabilidades e logros deste sistema.

1. Composición:

- A/o Directora/or da E.U.E., que a presidirá.
- A/o Coordinadora/or de calidade da E.U.E.
- Coordinador/a ou persoa en quen delegue da titulación.
- Un representante do profesorado.
- Un enlace de igualdade do Centro.
- Un representante dos egresados.
- Un representante dos estudantes.
- A/o administradora/or do centro, ou persoa en quen delegue.
- Un representante da sociedade.

2. Funcionamiento:

1. A Comisión de Garantía do Sistema de Calidade do Centro axustarase de acordo o establecido no Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, e o Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Universidade de Vigo.
2. A comisión que se cree, terá a composición e funcións que fixe o acordo de creación adoptado pola Xuntade Escola, sempre contando coa presenza equitativa de todos os sectores da comunidade universitaria do centro.
3. A comisión será presidida polo/a director/a ou persoa en quen delegue.
4. As reunións convocaranse nas dependencias do centro cunha antelación mínima de dous días hábiles, agás nos casos de urxencia apreciada polo/a presidente/a, e na convocatoria figurará a orde do día.
5. A comisión adoptará os seus informes, propostas e recomendacións por maioría simple, polo que será preciso no momento da votación a presenza de, polo menos, a metade dos seus membros. En caso de empate o/a director/a gozará de voto de calidade.

3. Funcións:

1. Examinar a planificación do SGIC da Escola, de modo que se asegure o cumprimento dos requisitos xerais do Manual do SGIC, da política e os obxectivos de calidade e dos requisitos contemplados nas normas de verificación e certificación correspondentes.
2. Intervir na elaboración dos informes correspondentes ao seguimento do título de grao, de acordo ás directrices establecidas pola Universidade de Vigo.

3. Recibir e, no seu caso, coordinar a formulación dos obxectivos anuais do centro e realizar o seguimento da súa execución.
4. Realizar o seguimento da eficacia dos procesos a través dos indicadores asociados ós mesmos.
5. Estudar e, no seu caso, aprobar a implantación das propostas de mellora suxeridas polos restantes membros do centro.
6. Analizar os resultados e as enquisas de satisfacción dos grupos de interese e propoñer criterios para a consideración das propostas de mellora dos devanditos grupos.

CAPÍTULO II: DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS.

Artigo 12. Da elección e cesamento dos órganos unipersoais.

A elección e cesamento do/a director/a, secretario/a académica, subdirector/a farase de acordo ó Decreto 242/2008, do 9 de outubro, das Escolas de Enfermería.

Artigo 13. A/o Directora/or.

Ostenta a representación do centro e exerce as funcións de dirección e xestión.

Artigo 14. A/o Secretaria/o académica/o.

É a/o fedataria/o dos actos e acordos dos órganos de goberno, e administración da Escola.

Artigo 15. A/o Administradora/or da Escola.

É o responsable da súa xestión económica. Asume as tarefas de Administrador/a da Escola e corresponde desempeñar o devandito cargo o/a director/a de Xestión do Centro de gasto ó que está adscrita a Escola.

Artigo 16. O /A Delegado/a da Universidade de Vigo.

Será designado polo Reitor/a da Universidade de Vigo, podendo ser substituída/o en virtude dos criterios que adopte a propia Universidade.

TÍTULO II. – O PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI).

Artigo 17. Nomeamento.

1. Serán nomeados polo Padroado, a proposta da Dirección do Centro e oída a Xunta da Escola, de igual forma serán cesados.
2. O profesorado estará en posesión da titulación esixida pola Lei, preferentemente Diplomado ou Graduado en Enfermería, e deberán obter a correspondente *venia docendi* da Universidade de Vigo, que será solicitada pola Dirección do Centro a través do Delegado/a de o Reitor/a.

Tipos de dedicación docente.

- a) **Profesorado con dedicación completa:** será profesor/a con dedicación completa aquel profesional que, desempeñando unha praza de Diplomado/Graduado en Enfermería, con praza en propiedade no

SERGAS, alomenos con dez anos de experiencia profesional, realice a súa actividade a tempo completo na Escola.

b) **Profesorado con dedicación parcial:** será profesor/a con dedicación parcial aquel profesional que compaxine a súa actividade profesional coa académica, tendo experiencia profesional no ámbito asistencial para impartir materias do Modulo de Ciencias da Enfermería. O tempo e remuneración económica estará determinado pola extensión da materia que imparta.

O proceso de selección, tanto no caso de profesor a tempo completo, como a tempo parcial, axustarase o establecido na normativa que determina as bases xerais das convocatorias de concurso para a selección de persoal docente, establecidas na Universidade de Vigo.

Artigo 18 . Dereitos e Deberes.

O profesorado terá os seguintes dereitos e deberes:

- a) Impartir os ensinos que lles sexan encomendadas e desenvolver os programas dentro das normas xerais do Plan de Estudos.
- b) Participar no funcionamento xeral da Escola a través do Padroado, Xunta de Escola e das Comisións específicas, na forma establecida no presente Regulamento.
- c) Participar nas reunións ás que sexan convocados pola Dirección para o mellor desenvolvemento das actividades docentes.
- d) Propoñer á Dirección as iniciativas que estimen convenientes para garantir a calidade do ensino.
- e) Avaliar os estudantes e asinar as actas das materias nas que imparten docencia.
- f) Conservar as probas ou documentos nos que baseen a súa cualificación ata o curso académico seguinte. (Consello Goberno 22-07-2009, Artigo 8 “Sen prexuízo do anterior, no caso de que se interpuxese reclamación ou recurso, os documentos anteriormente mencionados deberán conservarse ata que a resolución ou reclamación do recurso sexa firme. Con todo, no caso de que a cualificación da materia fose suspenso, o profesorado deberá conservar as probas ou documentos nos que se basee a cualificación polo menos tres cursos académicos. Segundo as normas de Xestión académica para a titulación de grao, que regula o RD 1393/2007.)

DO ESTUDANTADO.

Artigo 19. Docencia de calidade.

O alumnado da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense ten dereito a recibir unha formación integral e unha docencia teórico-práctica cualificada e actualizada, así como a acceder aos diversos recursos bibliográficos, metodolóxicos e pedagóxicos de que se dispoña para ampliar a súa formación.

Artigo 20. Dereito a recibir ensinos teóricos e prácticos.

Dereito dos estudantes a asistencia ás clases teóricas e prácticas propias de cada materia.

Antes de comezar cada curso académico, o alumnado terán acceso á Guía docente de cada materia.

Artigo 21. Dereito a unha avaliación xusta.

Os estudantes teñen dereito a ser avaliados dos seus coñecementos con criterios razoables e xustos. Ademais da función avaliadora da formación conseguida polo alumnado, as probas de avaliación tenderán a cumprir unha función docente de crítica e de mellora. Por iso, se se tratan de probas escritas os

alumnos/as terán pleno acceso ó estudo do seu exame corrixido. A avaliación tenderá a ser continua, entendida como ferramenta de corresponsabilidade educativa e como un elemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

Os procedementos de cualificación deberán consistir nalgún ou en varios destes puntos:

1. Participación activa e individualizada nas actividades teóricas, seminarios, traballos levados a cabo ou prácticas programadas. Exames parciais que, de existir, poderán ter carácter liberatorio.
2. Exames finais.
3. Outros medios obxectivos de avaliación da actividade académica.

Artigo 22. Avaliación e cualificación.

O profesor/a publicará as cualificacións das probas no taboleiro de anuncios do centro. Así mesmo farase público: o horario, lugar e data en que se celebrará a revisión das mesmas.

O profesorado deberá conservar o material escrito, en soporte papel ou electrónico das probas de avaliación ou, no seu caso, a documentación correspondente das probas orais. Nos supostos de petición de revisión ou de recurso contra a cualificación, deberán conservarse ata que exista resolución firme.

Artigo 23. Dereito de revisión.

As cualificacións provisionais obtidas polos estudantes deberán ser expostas antes de que transcorra un período máximo de trinta días despois da realización do exame e, en calquera caso, sete días antes da realización doutro exame da materia ou do establecemento da cualificación definitiva.

O alumnado terá dereito á revisión do seu exame, antes de que as súas cualificacións sexan definitivas, polo procedemento que estableza o Regulamento de Réxime Interno do Centro e, na súa falta, mediante a aplicación do establecido nos Estatutos e no Regulamento do Tribunal de Garantías.

Artigo 24. Da impugnación das cualificacións.

1. No caso de que o alumno/a, despois de coñecer a cualificación final e comentar a corrección das probas de avaliación co profesor/a responsable, estivese desconforme coa puntuación conferida pode, nun prazo de quince días naturais a partir da publicación das cualificacións, solicitar a revisión das probas a través do centro, que inmediatamente trasladará a petición á Comisión Docente.
2. Esta, no prazo de tres semanas a partires da recepción da reclamación no Centro, analizará a solicitude e, de estimalo conveniente a maioría simple dos membros da mesma, designará un tribunal de tres profesores/as da área ou de áreas afíns que no prazo dunha semana revisará a cualificación podendo confirmala ou modificala.
3. En ningún caso formará parte do tribunal ningún dos profesores/as cuestionados, quen, ademais, deberán absterse de votar na sesión da Comisión Docente na que se analice a solicitude de revisión.
4. Unha vez informado o/a Director/a da resolución do tribunal, notificará por escrito ao interesado/a. No caso de resolución desfavorable, que ten que ser motivada, indicaráselle ao interesado/a que no prazo de quince días pode recorrer de alzada ante o Reitor/a da Universidade.

Artigo 25. Deberes do estudantado en canto membros da comunidade universitaria.

Son deberes dos estudantes:

1. cumprimento dos Estatutos e demais normativa que fosen de aplicación.
2. cumprimento das obrigacións investigadoras ou discentes inherentes a súa condición.

3. A cooperación cos demais membros da comunidade universitaria, na mellora dos servizos e na consecución dos fins da Universidade.
4. respecto polo patrimonio da Escola Universitaria de Enfermería, da Universidade e a contribución ao seu digno mantemento.
5. A asunción das responsabilidades propias dos cargos para os que sexan elixidos.
6. A potenciación da vinculación e do prestixio da Escola Universitaria de Enfermería, e da Universidade de Vigo na sociedade.

TÍTULO III- NORMATIVAS COMPLEMENTARIAS.

Artigo 26. Normativas complementarias.

1. A proposta de calquera membro da comunidade universitaria do centro poderase propor para a súa aprobación na Xunta de Escola outras normativas ou protocolos que regulen aspectos parciais do funcionamento e organización no centro.
2. A proposta deberá estar debidamente articulada e desenvolvida. Recibida esta, será sometida a votación para a súa discusión e aprobación se procede na Xunta de Escola.
3. Unha vez aprobadas pola Xunta de Escola incluírase como anexo no presente regulamento, sendo de obrigado cumprimento da comunidade universitaria do centro.

TÍTULO IV- REFORMA DO REGULAMENTO INTERNO DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA DE OURENSE.

Artigo 27. Reforma do Regulamento interno.

1. A iniciativa para a reforma deste regulamento pode ser adoptada polo/a director/a, ou mediante proposta asinada por unha quinta parte dos membros da comunidade universitaria do centro.
2. As propostas de reforma do regulamento deberán estar debidamente articuladas e motivadas. Recibida a proposta, será sometida a votación para a súa toma en consideración na Xunta de Escola. Si a proposta recibe os votos favorables da maioría simple dos membros da Xunta de Escola, abrírase un prazo para a presentación de emendas e a súa análise nunha comisión específica, acordada pola Xunta de Escola e coa mesma representación que teñen nela os diversos sectores.
3. Unha vez aprobado o texto pola correspondente comisión, seralle elevado á Xunta de Escola para a súa aprobación. Para que a reforma sexa adoptada será preciso que reciba o voto da maioría simple do pleno.
4. O pleno da Xunta de Escola elevaralle a través dun dos representantes do centro no Padroado a nova proposta de regulamento para que sexa aprobada por este, se así o considera.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

Coa entrada en vigor deste Regulamento no momento da súa aprobación, queda derogado calquera Regulamento anterior da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense.